


Exposición
Vari Caramés. Lugares



DATAS do 10 de xullo ao 27 de outubro de 2019

LUGAR sala principal de exposicións do primeiro andar

PRODUCCIÓN Fundación Luis Seoane

No ano 2018, a editorial Fabulatorio publica *Lugares*, un fotolibro que reúne o traballo máis recente do fotógrafo Vari Caramés, co que o artista fai referencia ao mundo dos seus recordos e á estreita liña que separa realidade e memoria. Nesta publicación, a sutileza das fotografías en cor acentúase pola inserción entre as mesmas de papel de seda de diferentes tons, que unifican e enfatizan o carácter onírico das imaxes, proporcionándolle unha continuidade estética e argumental que a aproximan á condición de libro de artista, un deseño editorial asinado polo estudo galego Describir que vén de ser galardoado cun LAUS de Oro concedido pola ADG-FAD, a Asociación de

Directores de Arte y Diseñadores Gráficos de España. O volume complétase cun ensaio a cargo de Miguel Fernández-Cid e cun texto breve do propio Caramés.

Ese mesmo ano, as imaxes de *Lugares* amosáranse ao público por vez primeira na Galería Trinta de Santiago de Compostela -que tamén acollería a presentación da publicación homónima- nunha exposición que agora se traslada á sala principal da Fundación Luis Seoane a través dun conxunto de 30 fotografías en cor que reproducen eses lugares reais e imaxinados a un tempo, escenarios nos que quizais o artista xamais estivo e que, con vén sendo habitual na súa obra, transmiten unha sensación de familiaridade e de *déjà vu* propia dun universo visual que fai referencia ás emocións a través da construción dun relato no que o representado posúe un carácter universal.

Así, as imaxes dunha praia, as luces da feira, o ceo, as pontes, a fonte, as árbores dispostas a ambos lados dunha carreteira ou as montañas trascenden o imaxinario do artista para converterse na representación dos nosos propios recordos, unha experiencia visual que nace da habilidade de Caramés á hora de conferir ao seu traballo ese carácter melancólico, ás veces triste e ás veces onírico, intimista e subtil, atemporal e alonxado de calquera xénero fotográfico estandarizado, no que o esencial non é documentar ou proporcionar información sobre un acontecemento determinado, senón a capacidade para ir máis aló do espazo da imaxe e invocar determinadas sensacións no espectador, situando deste xeito a súa obra na estreita fronteira que separa ás veces a fotografía do cine ou da pintura.

A obra de Vari Caramés regresa á Fundación Luis Seoane case quince anos despois da súa participación no catálogo dunha das primeiras exposicións do centro, *A construción do espectador*, e sete da súa mostra *Mar aberto*, nesta ocasión para conectar unha vez máis co público da cidade que lle viu desenvolverse como fotógrafo desde finais do anos setenta ata o momento presente, unha extensa traxectoria que lle converteu nun dos nomes fundamentais da fotografía contemporánea en Galicia. Ao longo de catro décadas de actividade artística, Caramés participou en numerosas exposicións individuais e colectivas, incluída unha gran retrospectiva sobre a súa obra que no ano 2001 lle dedicou o Centro Galego de Arte Contemporánea. O seu traballo está presente en importantes coleccións públicas e privadas, como as do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, o Círculo de Bellas Artes, o Centro de Estudos Fotográficos de Braga, o IVAM ou o propio CGAC, entre outras.

SOBRE O ARTISTA

Vari Caramés (Ferrol,1953)

Autodidacta. Á idade de nove anos trasládase a vivir desde o seu Ferrol natal á cidade da Coruña. Aos quince, o seu pai, un artista amateur, regálalle unha cámara Voiglander totalmente manual para que fotografíe os seus cadros, debuxos e pezas de ferro forxado. Posteriormente, utilizaría a fotografía como “chuleta” nos seus estudos de Arquitectura Técnica, que non chegaría a finalizar.

Vari Caramés xamáis pretendeu vivir da fotografía, pero non pode vivir sen ela. Aprendeu a conseguir efectos dos defectos e non lle atraen as modas nen as tendencias. Utiliza o B/N e a cor indistintamente.

O seu propósito é conseguir que algo cotián e ordinario resulte extraordinario. Busca evocar, suxerir e facer soñar ao espectador. Considérase un amante do intemporal e do indefinido. É máis intuitivo que intelectual e cre que o azar é máis emocionante que a certeza. Opina que no mundo de hoxe falta poesía e que a tecnoloxía non debería poderlle ás emocións.

Para máis información e solicitude de imaxes:

Emma Fernández

FUNDACIÓN LUIS SEOANE

emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal

Tel. 981 216 015